



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

1 / 2



Sr. Presidente

Deputación Provincial de Ourense

Rúa Progreso 32

32003 Ourense

Serafin González Prieto, na súa cualidade de Presidente da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN), e domicilio a efecto de notificacións en Apartado de Correos 330 - 15780 Santiago de Compostela,

EXPÓN:

Que existe unha grande preocupación de socios e simpatizantes da SGHN diante da extensión do uso de fitosanitarios de acción herbicida en espazos públicos, especificamente en diversas zonas da rede viaria da provincia de Ourense.

Que o RD 1311/2012 en materia de utilización de fitosanitarios establece disposicións específicas para os ámbitos distintos da produción primaria agraria profesional, especificamente redes de servizo e zonas industriais, incluíndo o desenvolvemento de estratexias para o uso sostible dos praguicidas mediante a redución do risco e os seus efectos sobre a saúde humana e o medio ambiente.

Que se aprecia un significativo desaxuste entre a filosofía e condicións recollidas na lexislación vixente e as condicións reais de emprego con aplicación indiscriminada destes produtos perigosos pola Deputación de Ourense. Sendo tamén notoria a aparente contradición destas actuacións coas novas de prensa referidas a promoción dunha campaña de boas prácticas medioambientais para a difusión de iniciativas que melloren o medioambiente.

Por todo o cal, SGHN, ao abeiro da lexislación europea (Directiva 2003/4/CE), española (Lei 38/1995 e Lei 27/2006) e galega (Lei 1/1995) que regulan o dereito de acceso á información sobre o medio ambiente, así como a Lei 4/2006 que regulamenta a transparencia, as boas prácticas e a participación cidadá no ámbito da Administración pública de Galicia,

SOLICITA:

1. Que a Deputación de Ourense que Vde. preside facilite a SGHN a información referida ás actuacións desenvolvidas nos últimos meses pola Deputación de Ourense nas beiras das estradas da provincia de Ourense para a eliminación da vexetación mediante a aplicación de produtos herbicidas, en concreto:
 - a. Como se garante o cumprimento dos requisitos especificados no capítulo XI do RD 1311/2012 nomeadamente os incluídos no artigo 50.
 - b. Cales son as restricións para utilización de produtos fitosanitarios en áreas ambientalmente sensibles, espazos naturais obxecto de especial protección e zonas de protección de hábitats e especies ameazadas como se recolle no "Plan de acción nacional para el uso sostenible de los productos fitosanitarios".



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail:sghn@sghn.org

- c. Cales son os criterios técnicos que se inclúen no documento de asesoramento e que xustifican a necesidade destes tratamentos fitosanitarios xeralizados.
2. Que a Deputación de Ourense que Vde. preside revise urxentemente destes criterios valorando a redución de riscos para a saúde humana e o medio ambiente desbotando definitivamente este tipo de actuacións indiscriminadas empregando outros métodos de control ou medios distintos dos produtos fitosanitarios de natureza química como sinala o citado RD 1311/2012.

En Santiago de Compostela a 13-06-2014

Serafín González Prieto

Presidente SGHN